

09/03/16
REUNIÓN CONSELLO PARROQUIAL
LOURIZÁN

ASISTENTES:

- Asociación de veciños Estriceres
- Comunidade de Montes
- Asociación de veciños San Andrés
- Cofradía de pescadores
- ANPA Ceip a Carballeira
- ANPA Ceip Sagrado Corazón de Praceres
- San Andrés CF
- Asociación cultural Pousos da Area
- Asociación de mulleres rurales ARMEL
- Comunidade de augas de Agrovello
- Asociación de veciños Pontemuíños

O concelleiro delegado da parroquia Demetrio Gómez expón aos membros do consello parroquial os distintos proxectos que hai en marcha para a parroquia. Consisten en mellora da accesibilidade, seguranza viaria e de dotación de servizos en distintas zonas. Serán investidos na parroquia medio millón de euros. Tamén se informa que no mes de Maio resolven a concesión ou non da subvención do proxecto Dusi.

1.- En marcha atópase a reorganización do tráfico e seguridade viaria no entorno do colexio Sagrado Corazón de Praceres

2.- Iniciado tamén está o proxecto de seguranza viara e reorganización do tráfico no colexio da Carballeira.

- Construcción dun sendeiro peonil que dé acceso ao colexio para o cal existen varias alternativas que se están estudando.
- Reorganizar os aparcamentos
- Calmado de tráfico

En relación co cole tamén hai unha iniciativa moi interesante que contará coa colaboración das mariscadoras. A través dun convenio con medio ambiente vaise por en valor o mar, e que os nenos coñezan ese medio tan relacionado coa parroquia.

3.- Debido a unha posible subvención da Xunta para o arranxo de camiños rurais, vais a arranxar o barrio de Agrovello

- Asfaltado dende o cruce do Areeiro ata Agrovello (fonte)
- Reparación de algunhas canaletas

- Pintura, sinalización e calmado de tráfico
- 4.-** Reorganización e acondicionamento da praza de Os Praceres
- Reforma da rúa diante dos bares da zona
 - Alumeado
 - Restriccións de tráfico. Permitir acceso ao Cabo só a mariscadoras, veciños, autobús, porto, persoal lectivo do colexio e veciños
- 5.-** Acondicionamento do barrio do Cabo
- 6.-** Construcción de novos nichos
- 7.-** Campo de fútbol. O concelleiro plantexa ao consello parroquial que busque os terreos máis axeitados para a construcción do campo de fútbol na parroquia, e que localice aos propietarios dos mesmos para negociar con eles a compra dos terreos.

Debido á posibel concesión de distintas subvencións, o plan de parroquia consensuado entre o Concello e o Consello Parroquial, sufrirá algunha modificación, precisamente para poder optar a ditas axudas. Éste punto é precisamente o que causa reticencias entre algún membro do Consello xa que queren que se siga o plan de parroquia tal e como está redactado.